



LIGA XUNTA DE GALICIA DE BREAK

TEMPADA 2024



XUNTA
DE GALICIA

“

Sexas principiante ou avanzado, participa na Liga Xunta de Galicia de Break e demostra o teu nivel!





GLOSARIO

01. A Liga	04
02. Destinatarios	08
03. Sedes e Calendario	10
04. Formatos de Competición	12
05. Inscripciones	14
06. Ranking, Regulamento e Premios	16

A LIGA

A Liga Xunta de Galicia de Break é un programa consistente nun circuíto de competición composto por diferentes eventos espallados por toda a xeografía galega.

A finalidade da organización da Liga é a de difundir o Break en Galicia e establecer as bases e o escenario óptimo para o desenvolvemento desta disciplina na nosa comunidade en resposta ao interese xeral e a unha crecente demanda.

Breaking, deporte olímpico!

O Breaking debutará como deporte olímpico nos Xogos de París 2024.

Este proceso de inclusión do Break no programa olímpico, ven enmarcado nunha clara tendencia de expansión dos deportes urbanos por todo o mundo, xa que o Skate, o BMX e o Basket 3x3 tamén teñen o seu debut como deportes olímpicos nos Xogos de Tokyo 2021.





6

Décadas bailando Break



+1M

Millóns de practicantes



∞

Técnicas e movementos

O Break é un tipo de danza orixinaria dos Estados Unidos da década dos anos 70, caracterizada por ter un alto compoñente acrobático. Ao longo dos anos o Break convértese nun medio de expresión artística de carácter cultural e deportivo de repercusión mundial, con millóns de practicantes. As característica que destaca no Break é a infinidade de técnicas existentes.



OBXECTIVOS

O Break ofrécenos a posibilidade de expresarnos libremente, sen poñer límites á nosa creatividade e permítenos superar as barreiras físicas, psíquicas e sociais cara a procura da superación persoal.

Por outra banda, a práctica habitual do Break proporciona múltiples beneficios relacionados coa saúde xa que require a participación de todos e cada un dos músculos do corpo, pero tamén reporta outros moitos beneficios a nivel mental e social.

¿QUE QUEREMOS CONSEGUIR?


Promover a disciplina de Break como deporte de base e facilitar a súa accesibilidade a novos públicos, presentando esta práctica coma alternativa deportiva e de ocio saudable.

- ✓ Potenciar, profesionalizar e mellorar a calidade dos eventos e competicións de Break en Galicia.
- ✓ Apoiar a diversidade no ámbito do deporte e do lecer e dar visualización ao talento xuvenil.

#RoadToParís2024

No verán do 2018, o Break estreouse nos Xogos Olímpicos da Xuventude (Arxentina), despertando grande espectacular nos medios de todo o mundo. Pola contra, este interese xeral non produciu un crecemento significativo na cantidade de eventos existentes nin na estrutura deportiva (clubs, escolas, federacións, etc.).

Anos máis tarde, a finais de 2020 o COI confirma a inclusión do Breaking nos Xogos Olímpicos de París 2024, marcando o novo reto de atender con solvencia a crecente demanda con eventos, competicións e novos circuitos participativos.





DESTINATARIOS

Poderán participar na liga, en calquera dos formatos e categorías de competición previstas, todas as persoas que teñan **6 ou máis anos**.

A Liga vai dirixida a practicantes de Break de iniciación e tamén aos de nivel avanzado, que poderán participar nas correspondentes **categorías diferenciadas por nivel técnico**.



Categoría Iniciación

Poderán participar na Categoría de Iniciación todas as persoas que comezan a practicar Break e non teñen experiencia no ámbito competitivo.



Categoría Intermedia

Poderán participar na Categoría Intermedia todas as persoas que acadaran o 1º, 2º e o 3º posto do Ranking 1vs1 de Iniciación da Liga de Break 2023.




Categoría Avanzada

Poderán participar nesta categoría as persoas con nivel técnico medio-alto e experiencia acreditada no ámbito competitivo e tamén os competidores que acadaran os postos 1º, 2º ou 3º do Ranking 1vs1 da categoría de nivel Intermedio da Liga de Break 2023.

3 Categorias establecidas segundo o nivel técnico dos/as participantes permitirán achegar o Break a todos os públicos!

SEDES



CALENDARIO 2024


DATA	LUGAR	FORMATO
25 MAIO	EX LALÍN	1VS1
01 XUÑO	EX NOIA	1VS1
29 XUÑO	EX PONTEDEUME	1VS1
06 XULLO	PORTO DO SON	2VS2
24 AGOSTO	VERÍN	1VS1
07 SETEMBRO	VIGO	2VS2
21 SETEMBRO	A ESTRADA	1VS1
05 OUTUBRO	EX OURENSE	2VS2
19 OUTUBRO	SANTIAGO DE COMPOSTELA	1VS1

FORMATOS DE COMPETICIÓN

As competicións de liga contemplan 3 categorías (Iniciación, Intermedia e Avanzada) para o formato 1vs1 (individual).

O formato de competición 2vs2 (parellas) será aberto, co cal, os/as participantes das 3 categorías poderán formar parella e competir xuntos.

Compíte en varios formatos e suma moitos puntos no Ranking!



**No calendario podes
consultar o formato de
cada evento!**

1VS1

INDIVIDUAL

Formato de competición un contra un dividida e 3 categorías;

- a) Categoría Iniciación
- b) Categoría Intermedia
- c) Categoría Avanzada

2VS2

PARELLAS

Formato dous contra dous de categoría aberta (poden formar parella un/unha competidor/a de iniciación/intermedio/avanzado).

INSCRICIÓNS

Poderán inscribirse para participar na liga, en calquera dos formatos e categorías de competición previstas, todas as persoas que teñan **6 ou máis anos**. A inscrición na Liga incluírá o seguro de accidentes deportivos durante todo o programa. **A inscrición é de balde e as prazas son limitadas** (adxudicaranse por estricta orde de inscrición con reserva de prazas a competidores da categoría intermedia).

Talleres de iniciación

Ao inscribirte na Liga tamén poderás participar de balde, nos obradoiros de iniciación ao Break que temos programados. Consulta na web da Liga os lugares e horarios.

*Prazas limitadas e grupos reducidos.



PASOS A SEGUIR PARA FORMALIZAR A INSCRIPCIÓN NA WEB DA LIGA:

www.ligaxuntabreak.org



1º

**ACCEDE Á WEB DA
LIGA E CUBRE O
FORMULARIO DE
PREINSCRIPCIÓN**

No formulario poderás preinscribirte na Liga, seleccionar a categoría de competición, indicar as sedes nas que queres participar e solicitar praza para asistir aos talleres de iniciación.

2º

**RECIBIRÁS UN CORREO
DE CONFIRMACIÓN
DA ADXUDICACIÓN DA
PRAZA**

Recibirás un correo confirmando se tes praza para participar na Liga e de ser o caso, deberás aportar a documentación requirida para finalizar o proceso de inscrición.

3º

**XESTIÓN DE
DOCUMENTACIÓN E DO
SEGURO DEPORTIVO**

Unha vez rematado o proceso de preinscrición xestionaremos a túa documentación para tramitar o seguro deportivo requirido para participar nos eventos da Liga.

RANKING

O Ranking é unha lista ordeada das puntuacións obtidas polos participantes da Liga, que se establece en base aos criterios determinados no regulamento de competición (dispoñible para consulta na páxina web da Liga).

Participa e suma puntos!

Participa en todos os eventos da Liga e compite en diferentes formatos para sumar moitos puntos no Ranking, acadar o posto máis alto e conseguir diferentes premios.



RANKING POR CATEGORÍA

No Ranking por Categoría aparecerán os puntos obtidos nas competicións individuais (1vs1) por separado para cada categoría de competición diferenciadas por nivel técnico.



01 RANKING 1vs1 INICIACIÓN

02 RANKING 1vs1 INTERMEDIA

03 RANKING 1vs1 AVANZADA

REGULAMENTO XERAL

Todos os eventos da competición consisten en batallas que enfrontan a dous participantes, ou a dúas parellas. Cada batalla consiste nun número fixo de roldas nas que cada rolda desenvólvese do seguinte xeito:

Un/unha participante/parella, realiza unha saída primeiro, e logo o/a outro/a participante/parella, responde con outra saída. Estas dúas saídas comprenden unha Rolda dentro dunha batalla. O número de roldas de cada fase establecerá a organización en base ao número total de participantes inscritos.

Podes descargar o regulamento xeral da Liga na web: www.ligaxuntabreak.org

Premios

Todos/as os/as participantes da Liga recibirán un **diploma** do circuito.

Establécense **3 premios** para aqueles/as deportistas que ao finalizar a liga acaden os 3 primeiros postos do Ranking por Categoría (1vs1).

*Podes consultar os premios descargando as bases da Liga na web: www.ligaxuntabreak.org



Contacto

Organización
(+34) 637 089 318



info@ligaxuntabreak.org
www.ligaxuntabreak.org



